

PROCEDIMENTO

Accesos e admisión

CÓDIGO AC-0104 P1 ÍNDICE 02

REDACCIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
<i>Área de Apoio á Docencia e Calidade</i>	<i>Comisión de Calidade</i>	<i>Xunta de Centro</i>
<i>Data e sinatura</i> 18/03/2016	<i>Data e sinatura</i> 27/04/2016	<i>Data e sinatura</i> 27/04/2016



Proceso

AC: xestión académica

Subproceso

AC- 01: planificación da oferta académica e acceso

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	REDACCIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
01	25/05/2012	Unidade de Estudos e Programas	Nova creación, no marco do Plan Avante
02	18/03/2016	Área de Apoio á Docencia e Calidade	Evolución dos procedementos iniciais do ámbito de xestión: AC-01-04-PR 01, acceso a grao e AC-01-04-PR 02, e acceso a mestrado. Evolución e mellora do procedemento do ámbito académico: PC04 «Procedemento de selección-admisión e matriculación de estudantes». Nova codificación, trama de redacción e estrutura. Novos contidos.

Índice

I OBXECTO	3
II ALCANCE	3
III REFERENCIAS.....	3
IV DESENVOLVEMENTO	4
V ANEXOS	13

I OBXECTO

Definir a metodoloxía para elaborar os requisitos de acceso e admisión do estudantado das titulacións oficiais da Universidade de Vigo.

II ALCANCE

As titulacións oficiais de grao e mestrado adscritas ao centro.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

- *RD 412/201, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión aos ensinos universitarios oficiais de grao.*
- *RD 1393/2007, do 29 outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.*
- *RD 185/1985, do 23 de xaneiro, polo que se regula o terceiro ciclo de estudos universitarios, a obtención e a expedición do título de doutor e outros estudos de posgrao.*
- *RD 43/2015, do 2 de febreiro, polo que se modifica o RD 1393/2007 e o RD 99/2011,*
- *Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*
- *Universidade de Vigo: Resolución do 10 de abril de 2013 pola que se publica a Normativa de permanencia e progreso do alumnado das titulacións oficiais de grao e mestrado universitarios desta universidade*
- *Universidade de Vigo: aplicación da Normativa de permanencia e progreso.*
- *Universidade de Vigo: Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos.*
- *Universidade de Vigo: Normativa de admisión de estudantes con estudos universitarios oficiais de grao.*
- *ENQA: criterios e directrices para a garantía de calidade no espazo europeo de educación superior.*
 - 1.1 Política e procedementos para a garantía de calidade*
- *ACSUG, ANECA e AQU: programa Fides-Audit. Documento 02: Directrices, definición e documentación dos sistemas de garantía interna da calidade da formación universitaria.*
 - Directriz 1. Política e obxectivos de calidade*
- *ACSUG: Programa do seguimento de títulos oficiais.*
- *Norma UNE-EN ISO 9000: Sistemas de xestión da calidade. Fundamentos e vocabulario.*
- *Norma UNE-EN ISO 9001: Sistemas de xestión da calidade. Requisitos.*

- Norma UNE-EN ISO 9004: Xestión para o éxito sostido dunha organización. Enfoque de xestión de calidade.
- Universidade de Vigo: Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario.

III.2. Definicións

- *Requisitos de acceso: conxunto de requisitos necesarios para cursar ensinos universitarios oficiais en universidades españolas. O seu cumprimento é previo á admisión á universidade.*
- *Admisión: adxudicación das prazas ofrecidas polas universidades españolas para cursar ensinos universitarios entre quen, cumprindo os requisitos de acceso, as solicitou. A admisión pode realizarse de forma directa tras a solicitude de praza ou a través dun procedemento de admisión.*
- *Procedemento de admisión: conxunto de actuacións que teñen como obxectivo a adxudicación das prazas ofrecidas polas universidades españolas para cursar ensinos universitarios oficiais entre quen, cumprindo os requisitos de acceso, as solicitou. As actuacións poden consistir en probas ou avaliacións, pero tamén na valoración da documentación que acredite a formación previa, entrevistas, e outros formatos que as universidades poidan utilizar para valorar os méritos das persoas candidatas ás prazas ofrecidas*
- *Alumnado de novo ingreso: total de persoas que, no curso académico de referencia, comeza os seus estudos na Universidade de Vigo en primeiro curso, por primeira vez, sen ter en conta se previamente xa estiveron matriculadas noutro plan de estudos en calquera outra universidade.*
- *Alumnado de continuación: total de persoas que, no curso académico de referencia continúa os seus estudos na Universidade de Vigo, ou realiza a admisión nos estudos mediante o procedemento de recoñecementos.*
- *Matrícula: inscrición dunha persoa nun rexistro ou listaxe oficial. Documento acreditativo desta inscrición.*
- *Automatrícula: inscrición dunha persoa nun rexistro ou listaxe oficial utilizando unicamente medios telemáticos sen a intervención directa doutras persoas. Documento telemático que acredita tal inscrición.*

III.3 Abreviaturas e siglas

- *RD: Real decreto*
- *SUG: sistema universitario de Galicia*
- *LERD: lugar de entrega e recollida de documentación*
- *CIUG: Comisión Interuniversitaria de Galicia.*
- *LO: Lei orgánica*

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

Garantir que a xestión do acceso e admisión se desenvolve de xeito eficaz e eficiente. Ademais inclúe os elementos axeitados de información pública e os mecanismos que permiten a súa mellora continua.


IV.2 Responsable do proceso


- *Xefatura do Servizo de Extensión Universitaria para estudos de grao*
- *Xefatura do Servizo de Alumnado para estudos de posgrao*


IV.3 Indicadores


Os indicadores asociados a este proceso están identificados e definidos no procedemento DE-02 P1 «Seguimento e medición».


IV.4. Diagrama de fluxo















IV.5. Ciclo de mellora continua do proceso (PDCA)



V ANEXOS

Non hai anexos asociados a este procedemento

Rexistros

Non hai rexistros de calidade asociados a este procedemento.

Rexistros que se manterán

- *Título de acceso á universidade*
- *Currículo nos casos en que se solicitase*
- *Documentación específica recollida na convocatoria*
- *Curso de adaptación ao grao: alumnado, materias realizadas etc.*